

MATERIA  
Dereito Procesual Penal

TITULACIÓN  
Grao en Dereito

unidade  
didáctica  
1

Ciencias Sociais e Xurídicas

# Proceso por aceptación de decreto

**Cristina Alonso Salgado**

Área de Dereito

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa

Facultade de Dereito

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155993>

**MATERIA: Dereito Procesual Penal**

**TITULACIÓN: Grao en Dereito**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **LECCIÓN 1ª: O PROCESO PENAL**

1. Concepto e fins
2. Eficacia
3. Estrutura e principios do proceso penal: fases de instrución, intermedia, xuízo oral, impugnación e execución
4. A mediación no proceso penal

### **LECCIÓN 2ª: COMPETENCIA E PROCESO PENAL**

1. Os tribunais da orde xurisdiccional penal
2. Clases de competencia
3. Competencia obxectiva: distribución
4. Competencia funcional: manifestacións
5. Competencia territorial: foros preferente, específico e subsidiarios
6. A conexión: concepto e supostos
7. Tratamento procesual da competencia no proceso penal

### **LECCIÓN 3ª: PARTES NO PROCESO PENAL: ACTIVAS**

1. Partes no proceso penal: concepto e clases
2. O ministerio fiscal: concepto e lexitimación; principios de actuación; intervención do/a fiscal no proceso penal
3. Os acusadores popular, particular e privado
4. O actor civil

### **LECCIÓN 4ª: PARTES NO PROCESO PENAL: PASIVAS**

1. A persoa «imputada»: concepto e capacidade. A persoa xurídica como «imputada»
2. Exencións xurisdicionais
3. A ausencia da/o «imputada/o»
4. Xuízo abreviado e por delitos leves en ausencia da/o «imputada/o»
5. A defensa da persoa «imputada». O dereito de asistencia de avogada/o: contido, nacemento e finalización, obrigatoriedade
6. As/Os responsables civís: concepto e clases

### **LECCIÓN 5ª: O OBXECTO DO PROCESO PENAL**

1. O obxecto do proceso penal: a pretensión punitiva do Estado e das partes acusadoras
2. A identificación do obxecto do proceso: o feito para os efectos procesuais
3. Outros elementos configuradores do obxecto do proceso

4. Obxecto civil do proceso penal
5. As cuestións prexudiciais

**LECCIÓN 6ª: OS PROCEDEMENTOS PENAIS**

1. O proceso común por delitos graves: fases
2. O proceso penal abreviado: caracteres xerais, ámbito, fases
3. O xuízo por delitos leves: caracteres distintivos
4. Os xuízos rápidos por delito e por delito leve
5. O proceso penal ante o Xurado
6. O proceso por aceptación de decreto
7. O proceso penal de menores
8. O procedemento de comiso autónomo

**LECCIÓN 7ª: A FASE DE INSTRUCCIÓN: INICIACIÓN**

1. Iniciación de oficio
2. A denuncia: natureza e requisitos. O atestado policial
3. A querela: concepto, contido e requisitos
4. A fase de instrucción: función e características
5. Órganos encargados
6. Instrucción xudicial e investigación preliminar da/o fiscal e da policía xudicial
7. Procedemento. Especial mención á duración da instrucción

**LECCIÓN 8ª: CONTIDO DA INSTRUCCIÓN**

1. Identificación do/a «imputado/a»
2. Roda de recoñecemento e outros métodos de identificación
3. Declaracións da persoa «imputada» na instrucción: natureza, garantías e práctica
4. Dilixencias con respecto co corpo do delito
5. Autopsia
6. Métodos relativos á alcolimetría
7. Inspeccións e intervencións corporais
8. Testemuñas na instrucción
9. Dilixencia de acareo
10. Peritos na instrucción
11. Videovixilancia

**LECCIÓN 9ª: ACTOS DE INVESTIGACIÓN RESERVADOS Á INSTRUCCIÓN XUDICIAL**

1. En xeral: a resolución do/a xuíz/a de instrucción
2. Detención e apertura de correspondencia
3. Dilixencias de investigación tecnolóxica: disposicións comúns; a interceptación das comunicacións telefónicas e telemáticas; a captación e gravación de comunicacións orais mediante a utilización de dispositivos electrónicos; a utilización de dispositivos técnicos de seguimento, localización

e captación da imaxe; o rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información e os rexistros remotos sobre equipos informáticos

4. Entrada e rexistro de lugar pechado
5. Outras medidas restritivas: axentes encubertos; circulación e entrega vixiada de drogas

### **LECCIÓN 10ª: AS MEDIDAS CAUTELARES**

1. Concepto
2. Caracteres e presupostos
3. Medidas cautelares persoais. Detención: concepto e clases, prazo, dereitos do/a detido/a. Orde europea de detención
4. Prisión provisional: concepto, presupostos, clases, procedemento, duración e indemnización
5. Liberdade provisional: concepto, presupostos, clases e procedemento.
6. Medidas limitativas doutros dereitos
7. Medidas de protección á vítima: prohibicións de residencia. Orde de protección
8. Medidas cautelares reais: fianza, embargo e pensión provisional

### **LECCIÓN 11ª: A FASE INTERMEDIA**

1. Concepto
2. O sobresemento: concepto e clases, motivos, efectos
3. O auto de apertura do xuízo oral
4. Cualificacións provisionais: concepto e contido
5. A conformidade da/o acusada/o: concepto, ámbito, momento procesual e efectos

### **LECCIÓN 12ª: O XUÍZO ORAL**

1. Funcións
2. Celebración e publicidade
3. Cuestións previas
4. Teoría xeral da proba no proceso penal: concepto; fontes e medios, obxecto e carga, principios esenciais da actividade probatoria; a proba preconstituída
5. Procedemento probatorio
6. Valoración da proba: proba prohibida e proba ilícita.
7. Presunción de inocencia e principio in dubio pro reo

### **LECCIÓN 13ª: MEDIOS DE PROBA**

1. A declaración do/a acusado/a e do/a «coimputado/a»
2. Proba testifical: a testemuña, a vítima como testemuña, os deberes testificais, a protección de testemuñas, procedemento
3. Proba pericial: concepto, deberes do/a perito, recusación, procedemento
4. Proba documental

### **LECCIÓN 14ª: FASE FINAL DO XUÍZO ORAL**

1. Conclusións definitivas.
2. Formulación da tese do artigo 733 LACrim
3. Informes e última palabra
4. Suspensión do xuízo oral: concepto e supostos
5. Terminación anormal do xuízo oral: supostos

### **LECCIÓN 15ª: SENTENZA E COUSA XULGADA**

1. A sentenza: concepto, xénese lóxica, estrutura externa e forma da sentenza
2. A causa xulgada penal: resolucións que a producen, efectos negativos, límites obxectivos e subxectivos

### **LECCIÓN 16ª: RECURSOS NO PROCESO PENAL E PROCESOS DE RESCISIÓN DE SENTENZAS FIRMES**

### **LECCIÓN 17ª: A EXECUCIÓN PENAL**

1. Concepto, natureza e contido
2. Principios da execución penal
3. Órganos e partes
4. A suspensión da execución e a substitución da pena
5. Conclusión da execución: en especial o indulto
6. Execución de penas privativas de liberdade: xulgados de vixilancia penitenciaria
7. Execución doutras penas
8. Execución da responsabilidade patrimonial

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

#### OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia previstos na Guía Docente
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

#### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

#### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Con carácter preliminar
2. Delimitación conceptual, obxecto e ámbito do proceso
3. Tramitación procedementa
4. Consideracións críticas sobre o proceso por aceptación de decreto

#### ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Actividade principal proposta
2. Actividades complementarias

#### AVALIACIÓN

#### CONCEPTOS XURÍDICOS BÁSICOS

#### PREGUNTAS DE AUTOAVALIACIÓN

#### ANEXOS

1. Anexo legislativo: Título III bis “Proceso por aceptación de decreto” do Libro IV “Dos procedementos especiais” da LACrim
2. Anexo: Circular 3/2018, de 1 xuño, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre o dereito de información dos investigados nos procesos penais
3. Anexo xurisprudencial: fundamentos de dereito da sentenza número 61/2016, de 26 xaneiro, da Audiencia Provincial de Madrid (sección 23ª)

#### BIBLIOGRAFÍA

1. Bibliografía da unidade
2. Bibliografía básica recomendada para o alumnado
3. Bibliografía complementaria recomendada para o alumnado
4. Recursos na rede

## PRESENTACIÓN

---

A unidade didáctica que ten entre as súas mans aborda o denominado «Proceso por aceptación de decreto». A súa incorporación á nómina procesual foi operada a través da Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da Xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.

Coa sinalada incorporación, o lexislador español pretendía dotar o sistema dun resorte máis na liña axilizadora que mantén dende fai xa algunhas décadas.

Con todo, o certo é que o «novo» proceso non acaba de cumprir coas expectativas. As dificultades en canto ao seu ámbito obxectivo, as dúbidas en relación á potestade xurisdiccional e o carácter deliberadamente «heteroxodo» da súa configuración, son algunhas das razóns que parecen explicar as causas dun naufraxio que, á espera dunha reacción por parte do lexislador, semella inevitable.


Sexa como for, estamos ante un proceso en vigor e, en boa lóxica, debe ser analizado como parte da Lección «Procedementos penais» pertencente á materia «Dereito procesual penal» do Grao en Dereito. Cómpre a este respecto efectuar unha aclaración: aínda que o ideal sería que a unidade puidese englobar a totalidade do tema, infelizmente, non poderá ser así. Fundamentalmente, porque de facelo desa maneira, a extensión que en puridade debería alcanzar a unidade acabaría por imposibilitar o carácter didáctico da publicación.

Feita a aclaración, o exame polo miúdo do obxecto proposto require, polo menos, as catro horas –distribuídas en tres sesións– que conforman unha semana de aulas expositivas. Preténdese así, abordar na primeira sesión o referido aos requisitos, obxecto e contido do decreto, para, a continuación, na segunda das sesións, entrar a detallar todo o relativo á remisión, ao auto de autorización e á súa notificación. Finalmente, a última sesión expositiva dedicaríase ao estudo tanto da comparecencia e conversión do decreto, como das causas de ineficacia.

Será ao fío da explicación cando se irán debullando as obxeccións, reparos e dificultades anticipadas. De xeito paralelo, poranse por riba da mesa algunhas propostas *de lege ferenda* que están a ser debatidas na actualidade pola doutrina.



Figura 1: Estrutura da materia



Fonte: Elaboración propia

## OS OBXECTIVOS

### 1. Obxectivos xerais da materia previstos na Guía Docente

A Guía Docente da materia revela unha vontade determinada: transmitirle a alumnas e alumnos o coñecemento dos institutos e figuras esenciais do proceso penal, con particular fincapé na nosa actual Lei procesual penal. Tamén se busca familiarizalo coa praxe forense máis intimamente vencellada coa materia.

En particular, o obxectivo que se pretende é que se alcancen os coñecementos fundamentais sobre os actores e actrices que participan no proceso penal de conformidade coa Lei de axuízamento criminal, os feitos con relevancia para o seu obxecto, e sobre o xeito axuízar de acordo co marco constitucional. E isto, tendo presente que a configuración do proceso como un medio de resolución de controversias dialéctico e formalizado esixe non só un bo manexo da sucesión das actuacións procesuais, senón tamén cumprir os fins constitucionalmente atribuídos ao proceso penal.

## 2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Tendo en conta todo o que se vén de salientar, os obxectivos que se pretenden acadar coa presente unidade son os que a continuación se relacionan:

Obxectivo xeral número 1: xestionar a información para analizar e sintetizar todo o relativo á materia explicada.

Obxectivo xeral número 2: ler e interpretar textos xurídicos para razoar criticamente en relación ás potencialidades e ás obxeccións que presentan os diversos institutos e figuras xurídicas.

Obxectivo xeral número 3: manexar fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais) para poder aprender de maneira autónoma.

Obxectivo xeral número 4: traballar en equipo.

En canto ás competencias da titulación ás que contribúe o noso obxecto de estudo, cómpre recalcar as seguintes:

Competencias básicas:

CB1. Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que –aínda que se apoia en libros de texto avanzados–, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.

CB2. Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

CB3. Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.

CB4. Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.

CB5. Que as/os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias xerais:

CG1. Capacidade de comprensión, análise e síntese.

CG2. Capacidade de organización e planificación.

CG5. Capacidade de obtención e xestión da información.

CG6. Capacidade de resolución de problemas.

CG8. Razoamento crítico.

CG10. Traballo en equipo, incluídos equipos de carácter interdisciplinar.

CG12. Capacidade de relación interpersonal nun contexto profesional.

CG14. Aprendizaxe autónoma.

Competencias específicas:

CE2. Percibir o carácter unitario do ordenamento xurídico e conseguir a necesaria visión sistemática e de conxunto dos problemas xurídicos.

CE3. Percibir a interacción do Dereito con outras disciplinas científicas e cos problemas da sociedade.

CE5. Adquirir o dominio das técnicas de obtención de información xurídica.

CE7. Manexar e interpretar correctamente as distintas fontes xurídicas.

CE8. Adquirir a capacidade de razoamento e argumentación xurídica cunha conciencia crítica na análise do ordenamento.

CE11. Adquirir a capacidade de redactar textos e expresarse oralmente nunha linguaxe fluída e técnica, empregando termos xurídicos precisos, claros e comprensibles.

Á vista de todo o destacado, tras a exposición da materia abordada a través da presente unidade, o alumnado deberá ser quen de:

Obxectivo número 1: coñecer e comprender a regulación do proceso por aceptación de decreto.

Obxectivo número 2: saber analizar as implicacións das propostas *de lege ferenda*.

Obxectivo número 3: poder comunicar oralmente e por escrito as ideas fundamentais do instituto.

## **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

Consonte á Guía Docente da materia, a planificación docente da materia busca acadar un axeitado equilibrio entre o coñecemento dos fundamentos teóricos e a iniciación na aplicación práctica, para que o alumnado poida lograr unha perspectiva completa da materia.

Con ese horizonte a materia articula o seu proceso de docencia-aprendizaxe colectivo en clases expositivas e clases interactivas.

Coas clases interactivas, pola contra, búscase formular as controversias forenses que xeran os institutos examinados nas clases expositivas, ademais de contribuír a completar o programa, para proporcionar ao alumnado unha visión de conxunto do sistema de xustiza penal español.

Como queira que todo o relativo a este tipo de aulas se desenvolve máis adiante, remitímonos ao que enseguida se dirá.

Coas clases expositivas o que se pretende é recalcar as epígrafes e as leccións máis importantes, aquelas obxecto ou susceptibles de reforma, ou de actualidade. Así pois, en ningún caso o seu obxecto pode ser o de referir a totalidade do programa, cuestión esta –tendo en conta das circunstancias– de utilidade dubidosa.

Estas aulas artellaranse con base nunha metodoloxía eminentemente participativa, de lóxica bidireccional, e organizadas ao redor dunha breve exposición da materia por parte da docente.

Nada novo baixo o sol, cabería pensar. Porén, mesmo sen pretensión ningunha, a declaración encerra máis implicacións das inicialmente identificadas. Explicámonos.

O proceso de docencia-aprendizaxe de estudos xurídicos ten sido protagonizado tradicionalmente pola clase maxistral. Sen negar as súas inequívocas potencialidades, o certo é que o sinalado recurso ten resistido mal a transición dende o modelo universitario tradicional ata o instaurado polo Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). A paulatina incorporación do denominado «Plan Boloña» esixiu e esixe –polo menos, na teoría– un cambio significativo no que á concepción da docencia se refire, en particular, no relativo aos métodos de ensinanza e aprendizaxe e aos papeis que se deben desenvolver polos actores principais do cambio: o alumnado e o profesorado.

Así as cousas, cómpre adaptarmos a metodoloxía docente a eses novos enfoques e protagonismos.

Con ese horizonte, a través da presente unidade realízase unha aposta metodolóxica que trata de aproveitar as virtualidades do enfoque expositivo, pero superando a súa modalidade máis tradicional, a máis vencellada ao enfoque maxistral da docencia: unilateral, unidireccional, entregado á memorización acrítica, etc. Trátase, en definitiva, de que a metodoloxía estea ao servizo non da docencia, senón dun proceso de docencia-aprendizaxe concibido dende unha perspectiva holística.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Con carácter preliminar

A Lei 41/2015, de 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais<sup>1</sup>, incorporou o «Proceso de aceptación de decreto» á nosa Lei procesual penal.

Con esta incorporación, o lexislador adiantouse á consumación do que acabou sendo un novo fracaso en relación á posibilidade de promulgar unha nova Lei de axuízamento criminal.

Este modo de proceder non pode ser saudado. Obviamente, non se pode bendicir o emprego dunha técnica lexislativa *ex fasciculo* orientada unicamente, a efectuar as reformas imprescindibles, quer polas necesidades do propio sistema de xustiza, quer polas esixencias derivadas dos compromisos internacionais adquiridos polo Estado español. A aprobación dunha multitude de leis para reformar por capítulos o que debiera ser substituído en bloque –a través dunha única lei–, constitúe unha estratexia de dubidosa eficacia á hora de abordar un deseño coherente do proceso penal español para as vindeiras décadas.

Con todo, como adiantabamos, o retruque a isto que se sinala resulta ben doado. O lexislador viuse abocado a facer da necesidade, virtude: un ronsel de estrepitosos fracasos permitía vaticinar un futuro pouco prometedor á proposta de Código Procesual Penal de 20132. Deste xeito, ante o risco de que o texto correse

---

<sup>1</sup> En diante, Lei 41/2015.

<sup>2</sup> En diante, CPP.

idéntica sorte á dos seus predecesores e, polo tanto, ante o perigo real de que o proceso por aceptación –como tantas outras figuras– non puidese ser incorporado ao noso sistema de xustiza penal, optouse pola solución menos mala.

O propio expositivo primeiro do preámbulo da Lei 41/2015 recoñece que a sinalada incorporación –a título de reforma e non como parte dunha nova Lei de axuízamento criminal<sup>3</sup>– encerra en si mesma un recoñecemento implícito dun atronador revés: «A proposta de Código Procesual Penal presentada pola Comisión Institucional para a elaboración dun texto articulado de Lei de axuízamento criminal (...) actualmente sometido a información pública e debate, formula un cambio radical do sistema de xustiza penal cuxa implantación require un amplo consenso.

En tanto o devandito debate mantense, na confianza de atopar o máximo concerto posible sobre o novo modelo procesual penal, resulta preciso afrontar de inmediato certas cuestións que non poden agardar a seren resoltas coa promulgación do novo texto normativo que substitúa a máis que centenaria Lei de axuízamento criminal. Nesta lei regularanse as cuestións que non requiren desenvolvemento mediante lei orgánica, que terán unha regulación paralela nunha norma con dito rango, e que son as seguintes: a) a necesidade de establecer disposicións eficaces de axilización da xustiza penal co fin de evitar dilacións indebidas (...).

Con ese obxectivo certamente ambicioso e con estes poucos vimbios, foi incorporado o proceso que agora nos ocupa e que procedemos a debullar a través das liñas que seguen.

## 2. Delimitación conceptual, obxecto e ámbito do proceso

O proceso por aceptación de decreto está regulado no Título III bis do Libro IV da Lei de axuízamento criminal. Cunha simple ollada, quen a lea pode decatarse de que non estamos ante un proceso acabado, nin dende unha perspectiva sistémica, nin dende unha estritamente procesual. Todo se fía a un artigo, o 803 bis, desenvolto sobre a base do previsto nas letras a-j. E como veremos, iso vai lastrar notablemente a súa configuración.

Pero, a que nos referimos cando falamos de «Proceso por aceptación de decreto»? Sen prexuízo do que se indicará, cabe salientarse que estamos, fundamentalmente, ante un procedemento monitorio que posibilita que unha proposta sancionadora do ministerio fiscal se transforme, tras o preceptivo auto de autorización, nunha sentenza firme. Obviamente, esa transformación de proposta a sentenza, unicamente terá lugar cando o encausado, con asistencia letrada, acepte a pena solicitada.

*«Adiferenza doutros ordenamentos (así, o proceso para as “ordnungswidrigkeiten” ou contravencións da StPO alemá), a policía xudicial está autorizada para a emisión desta proposta de sanción, o que “de lege ferenda” podería ser recomendable» (GIMENO SENDRA, 2015, p. 1042).*

<sup>3</sup> En diante, LACrim.

Cun visor de maior aumento, podemos perfilar con máis detalle esta primeira foto fixa. Neste sentido, debemos comezar por subliñar o disposto no artigo 803 bis a da LACrim, que destaca os requisitos que serven para delimitar o ámbito do proceso por aceptación de decreto.


De conformidade coa sinalada disposición, unha vez comezadas as dilixencias de investigación polo ministerio fiscal ou incoado o proceso xudicial e ata a terminación da investigación, poderá seguirse o referido proceso –aínda cando non fose chamado a declarar o investigado–, sempre que se satisfagan acumulativamente as esixencias que a continuación se relacionan.

En primeiro lugar, é preciso que o feito delituoso estea sancionado con pena de multa ou de traballos en beneficio da comunidade, ou con pena de prisión que non rebase o ano e que poida ser suspendida con arranxo ao establecido no artigo 80 do Código Penal<sup>4</sup>, con ou sen privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores (art. 803 bis a 1º LACrim).

En segundo lugar, o ministerio público debe estimar que a pena especificamente aplicable sexa a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, no seu caso, a pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores (art. 803 bis a 2º LACrim).

En último lugar, cómpre que non comparecese acusación particular, nin acusación popular na causa (art. 803 bis a 3º LACrim).

**Figura 2: Requisitos do proceso por aceptación de decreto**



Fonte: Elaboración propia

<sup>4</sup> En diante, CP.

Do acabado de apuntar, colíxese sen dificultade que o proceso por aceptación ten por obxecto unha acción penal exercitada para a imposición dunha multa ou de traballos en beneficio da comunidade e, de ser o caso, de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores. Pode, asemade, ter por obxecto a acción civil orientada á consecución da restitución da cousa e a indemnización do prexuízo (art. 803 bis b LACrim.).

Polo ata aquí exposto, non cabe dúbida de que se trata dun instituto deseñado para axilizar o proceso a través da súa finalización anticipada, un pouco coa mesma idea que latexa por baixo dalgunhas modalidades de conformidade.

O factor temporal orienta, en efecto, a regulación do instituto, non só porque se posibilita esa finalización anticipada, senón tamén porque a súa tramitación está presidida por unha incuestionable nota de celeridade. O propio expositivo segundo do preámbulo da Lei 41/2015 evidencia este extremo cando xustifica a súa instauración como «(...) un mecanismo de aceleración da xustiza penal que é sumamente eficaz para desconxestionar os órganos xudiciais e para dispensar unha rápida resposta punitiva ante delitos de escasa gravidade cuxa sanción poida quedar en multa ou traballos en beneficio da comunidade, totalmente respectuoso co dereito de defensa.

O obxectivo desta reforma é o establecemento dunha canle de resolución anticipada das causas penais para delitos de menor entidade, aplicable con independencia do procedemento que lles corresponda. Resulta, pois, aplicable tanto aos delitos leves como aos delitos menos graves que se atopen dentro do seu ámbito material de aplicación, a instancia do ministerio fiscal e antes da conclusión da fase de instrución.

Tamén responde á posibilidade de culminar a fase de dilixencias de investigación do ministerio fiscal cunha elevación das actuacións ao xulgado de instrución que implique non xa a posta en coñecemento do feito senón, de facto, a solicitude da sentenza e pena correspondente. A súa efectiva aplicación implicará unha redución significativa das instrucións e ulteriores xuízos orais, o que redundará tamén en beneficio da redución da denominada “fase intermedia” dos procedementos».


Deste ánimo axilizador infírese a natureza especial do proceso por aceptación de decreto. Así é todo, non nos atopamos ante un proceso sumario. Como queira que o obxecto do proceso abrangue a totalidade do feito punible, de se satisfaceren as esixencias subxectivas e obxectivas dispostas, o título penal de execución xerará a plenitude de efectos de cousa xulgada (RUIZ DE LA CUESTA FERNÁNDEZ, 2011).

Con respecto a este debate, BARONA VILAR destaca que o proceso por aceptación «Ofrece elementos para ser considerado como unha vía especial, dado o seu ámbito restritivo de aplicación e dada a súa finalidade amén do seu fundamento –economía procesual–, presentándose como un modelo de aceleración da xustiza penal para delitos de escasa gravidade, con máxima concentración a favor da obtención do título executivo (...) Por todo isto, tanto respecto da tramitación, como respecto da natureza e procedemento de obtención do título como polo seu ámbito de aplicación, atopámonos ante un proceso de natureza especial» (BARONA VILAR, 2021, p. 648).

Tamén ao respecto, GIMENO SENDRA apunta que «non nos atopamos ante un proceso penal monitorio, o cal require, no Dereito comparado, a emisión polo Xuíz dunha orde penal na que se concrete a sanción, que se non é impugnada, devén firme.

Mais ben estamos ante un proceso especial que se desenvolve ante a Autoridade xudicial e que pode finalizar por unha sentenza de conformidade. De aquí que as normas que disciplina este método autocompositivo de solución das controversias penais ou de aquietamento á pretensión penal deberan ser de aplicación supletoria» (GIMENO SENDRA, 2015, p. 1043).

**Figura 3: Obxecto do proceso por aceptación de decreto**



Fonte: Elaboración propia

### 3. Tramitación procedemental

Delimitado o ámbito do proceso, corresponde agora que nos deteñamos na súa tramitación procedemental. E para iso, cómpre abordarmos todo o relativo ao contido do decreto de proposta de imposición de pena. Neste senso, ao abeiro do establecido no artigo 803 bis c da LACrim, o decreto deberá facer alusión, en primeiro lugar, á identidade da persoa investigada e deberá detallar o feito punible que se lle atribúe con indicación do feito delituoso perpetrado e unha breve mención á proba existente.

Mesmo cunha lectura lixeira deste primeiro extremo, é posible inferir algunhas consideracións críticas. Por un lado, cómpre recalcar algo que non por obvio debe deixar de ser destacado: a alusión á proba existente resulta profundamente imprecisa. Probablemente tería sido máis afortunado aludir a unha «(...) breve información sobre o substrato dos feitos indiciarios » (MARCHENA GÓMEZ e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, 2015, p. 85). Polo outro lado, a referida alusión non pode senón causar abraio. Porque, con independencia da ausencia doutros elementos de interese – atenuantes, agravantes, etc.–, tomando en conta o concreto momento procesual, o certo é que esa esixencia, necesariamente, non vai contar cun grande alcance: na



meirande parte dos supostos esa mención sucinta quedará reducida ao sinalado no atestado ou na denuncia.


Pero os elementos previstos na apuntada disposición non fican aí. En segundo lugar, o decreto deberá concretar, de igual modo, as peticións de restitución e indemnización –no seu caso–, así como razoar sucintamente os motivos polos que estima, no seu caso, que a pena de prisión debe ser «substituída».

Nin que dicir ten que esta esixencia conta cunha literalidade moi susceptible de mellora. E isto porque, máis alá dos casos de substitución preceptiva (art. 71.2 CP) –actúa *ope legis* e, xa que logo, non cómpre especificación ao respecto–, a partir da entrada en vigor da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica o CP, a substitución da pena de prisión establecida no artigo 88 da nosa Lei Penal, quedou derrogada como regra xeral (ORTEGA CALDERÓN, 2016).

Finalmente, en canto ás penas propostas no decreto, o ministerio fiscal poderá propor –malia que implique a imposición dunha pena inferior ao mínimo disposto no CP– a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, no seu caso, a pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores, minorada ata nun terzo verbo da establecida *ex lege*.

Á luz de todo o destacado, a relación en detalle dos elementos configuradores do decreto permite tecer –*grosso modo*– unha analogía con respecto ao escrito de conclusións provisionais: novamente os aumentos do visor evidencian máis converxencias das inicialmente previstas.

Figura 4: Contido do decreto



Fonte: Elaboración propia

Con plena atención ao contido requirido, o ministerio público poderá ditar un decreto de imposición de pena que, unha vez adoptado, deberá ser remitido ao xulgado de instrución para a súa autorización e notificación á persoa investigada (art. 803 bis d LACrim).

Unha vez recibido o decreto, o órgano xurisdiccional verificará a satisfacción do disposto no artigo 803 bis a da LACrim, antes de autorizalo mediante auto. Se, pola contra, o xulgado de instrución advertise o incumprimento da indicada disposición, non poderá autorizar o decreto, quedando este, polo tanto, sen efecto (art. 803 bis e LACrim).

Sobre ese específico momento procesual cómpre deterse para efectuar algunhas consideracións de interese. En primeiro lugar, en atención, precisamente, a esa vocación de celeridade da que vimos de dar conta, cabe notar que non se prevé recurso ningún contra o auto que denegue a autorización.

En segundo lugar, diciamos liñas atrás que as canles de inicio previstas no artigo 803 bis a da LACrim eran dúas: ben iniciadas as dilixencias pola fiscalía, ben incoado o proceso xudicial. Así e todo, esa diferenza en relación ao comezo vai ter incidencia no desenvolvemento procesual, toda vez que se o decreto xorde dunhas dilixencias da fiscalía, con anterioridade a que o órgano xurisdiccional dite o auto, unha vez toma coñecemento da *notitia criminis*, deberá incoar as respectivas dilixencias ou, no seu caso, procedemento por delito leve. E isto co gallo de efectuar as avaliacións que salientará no auto de autorización (ORTEGA CALDERÓN, 2016).


Por último, resulta evidente que o rol do xuíz queda absolutamente relegado dentro do proceso por aceptación; fica circunscrito ao desenvolvemento dun control eminentemente formal, o que a contraluz significa que non exerce unha fiscalización de fondo verbo da conveniencia da proposta da fiscalía.

Malia que esta lóxica pode atoparse noutras tantas institucións e figuras de raizame aceleradora (AGUILERA MORALES, 2015), o certo é que tería sido perfectamente posible deseñar unha configuración legal na que a actuación do xuíz tivese un maior percorrido. Quérese dicir, que podería terse optado por unha opción legislativa na que o órgano xurisdiccional puidese, alén de admitir a proposta da fiscalía, discrepar da cualificación xurídica dos feitos –con todo o que iso pode comportar á hora de determinar o tipo de procedemento–, estimar que non abonda a «proba» achegada, ou mesmo que procede o sobresemento (RUIZ DE LA CUESTA FERNÁNDEZ, 2011).

Deixando estas consideracións á marxe, e novamente co fío na tramitación procesual, unha vez autorizado, o órgano xurisdiccional deberá notificarlle á persoa encausada o auto xunto co decreto, e citalo a unha comparecencia perante ao tribunal.

A través da notificación informaráselle do obxecto da mesma e dos efectos tanto da non comparecencia, como, caso de comparecer, do seu dereito a aceptar ou rexeitar a proposta contida no decreto. Así mesmo, informaráselle da obrigada asistencia de letrado, de modo que, se non conta cun letrado para a causa, deberá asesorarse con un da súa confianza ou solicitar un da quenda de oficio no termo de cinco días hábiles antes da data da comparecencia (art. 803 bis f.2 e art. 803 bis g LACrim).

Figura 5: Inicio do procedemento



Fonte: Elaboración propia

Así é que, con asistencia letrada, poderá comparecer para aceptar. Poderá de igual xeito, non comparecer ou rexeitar a proposta, total ou de maneira parcial no referente ás penas ou á restitución ou indemnización, en cuxo caso ficará sen efecto.

Malia o apuntado, cabe, obviamente, que o encausado desatenda o esixido pola lei e compareza sen letrado. Neste suposto, suspenderase a comparecencia con arranxo ao establecido no artigo 746 e sinalarase unha nova data para que poida ter lugar con todas as garantías.

Durante a comparecencia –que será rexistrada audiovisualmente, documentándose de acordo coas regras xerais no suposto de imposibilidade material–, o órgano xurisdiccional deberá asegurarse de que o encausado entende as implicacións e os efectos derivados da aceptación do decreto (art. 803 bis h LACrim).


Se, unha vez verificado que comprende o alcance da súa decisión, o encausado decide aceptar a proposta en todos os seus extremos, o órgano xurisdiccional atribuiralle o carácter de resolución xudicial firme e, no prazo de tres días, deberá documentalala na forma e con todos os efectos dunha sentenza condenatoria contra a que non caberá recurso ningún (art. 803 bis i LACrim).

Apunta ASENCIO MELLADO que: «Conforme ao precepto citado, o decreto aceptado alcanza o valor dunha sentenza condenatoria firme, de modo que fronte ao mesmo, por lóxica, non cabe recurso ningún, ordinario ou extraordinario. E así, se establece de modo expreso.

Nin cabe apelación, nin casación en caso ningún.

Si poderían suscitarse os medios de oposición establecidos fronte a este tipo de resolucíons firmes. Tanto o incidente de nulidade establecido no art. 241 LOPX cando se produza no decreto aceptado algunha vulneración de dereitos fundamentais, como acudir á revisión establecida nos arts. 954 e seg. LACrim. O termo recurso non se estende aos medios de impugnación da cousa xulgada cando coincidan no caso os presupostos que habilitan para interpor este tipo de remedios» (ASENCIO MELLADO, 2016, páxs. 214-215).


Figura 6: Inicio do procedemento



Fonte: Elaboración propia

Para finalizar esta parte relativa á tramitación, cabe subliñar unha idea cuxas inferencias non deben pasar desapercibidas. En diversas ocasións, apuntouse a posibilidade de que o decreto devíñese ineficaz pola concorrencia de tres circunstancias: por non ser autorizado polo órgano xurisdiccional, pola non comparecencia ou por falta de aceptación do encausado. Se así for, a fiscalía non quedará vencellada pola proposta e a causa continuará seguindo a preceptiva canle procesual. E isto, como é doado de imaxinar, comporta implicacións de envergadura. Volveremos sobre isto (art. 803 bis j LACrim).

Figura 7: Supostos de ineficacia do decreto



Fonte: Elaboración propia

#### 4. Consideracións críticas sobre o proceso por aceptación de decreto

Na altura na que se aprobou o proceso por aceptación, e tendo en conta a súa razón de ser, non podía senón saudarse a súa inclusión na nómina de procesos penais da nosa arquitectura procesual-penal. Non quere isto dicir que a regulación estivese exenta de reparos, senón que, malia todas as obxeccións que a figura merecía xa por 2015, a súa incorporación parecía estar en disposición de contribuir –sequera, potencialmente–, a salvar a multitude de obstáculos derivados da vixencia dunha Lei procesual penal de finais do século XIX: saturación da xustiza, lentitude das causas, etc.

Porén, os vaticinios máis agoireiros fixéronse realidade. Coa perspectiva que ofrecen estes anos de vixencia, pódese afirmar que esa potencialidade non se fixo efectiva e que a meirande parte das virtualidades atribuídas sobre o papel, non se fixeron realidade.

En boa medida, a diverxencia entre expectativas e resultados xustifícase nalgúns elementos xa criticados pola doutrina fai sete anos. Ímonos deter na análise dos máis relevantes.

A este respecto, podemos comezar salientando que o réxime xurídico do proceso por aceptación intensifica tan significativamente o factor de adhesión, que acaba por *capitidisminuir* a relevancia doutros aspectos vencellados cos fins do sistema de xustiza penal perfectamente compatibles co *leitmotiv* axilizador.

Cabe subliñar neste sentido, a máis que considerable minoración da opción netamente negociadora, nun momento, por certo, de clara expansión do paradigma restaurativo. Porque, mesmo aceptando a interpretación deste proceso como un instituto favorecedor de consensos que sitúa «(...) a solución do conflito creado polo delito no campo da autonomía persoal» (MARCHENA GÓMEZ e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, 2015, p. 84), non cabe dúbida de que a xustiza restaurativa e a xustiza negociada non responden, nin moito menos, a idénticos parámetros.

Certo é que a primeira precisa da segunda. Con todo, as fórmulas da concepción pactada –as máis das veces baseadas nunha mera adhesión á formulación da fiscalía– non resultan, sempre e en todo caso, restaurativas.

Se o que se buscaba era «Non só (...) aforrar medios e gañar celeridade na administración de xustiza, senón tamén (...) evitar que o encausado sufra as consecuencias negativas da súa gravosa condición e obter, no seu caso, de modo inmediato, a reparación da vítima» (MARCHENA GÓMEZ e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, 2015, p. 84), a posibilidade restaurativa en nada obstaba esa finalidade. Máis ao contrario, tería enriquecido a resposta do sistema, toda vez que, ademais de axilizar o proceso, reforzaría o elemento reparador e o resocializador. E aínda que a ausencia de ambas as perspectivas en nada empece a súa razón aceleradora, en realidade, outras figuras máis plásticas poderían coadjuvar máis eficazmente non só para lograr unha xustiza penal máis rápida, senón para acadar outros fins de política criminal de significativa importancia.

Para o debate, véxase: «Faise preciso á hora de analizar o contido do decreto, indicar con carácter previo, que o lexislador, o configura como un acto unilateral do ministerio fiscal, sen que se poida nese momento acadar a aceptación do investigado (posibilidade que existe no procedemento abreviado mediante a presentación dun escrito de acusación conxunto de conformidade co art. 784.3 da LACrim) (...) Tería sido desexable que a pena solicitada, se obtivese de forma consensuada mediante os tratos previos entre acusación e defensa, manifestando o encausado nese momento a súa aceptación, todo iso, sen prexuízo de que a mesma fose ratificada posteriormente a presenza xudicial» (SÁNCHEZ MELGAREJO II, 2016).

Non se trata aquí de negar a conveniencia de incluír instrumentos axilizadores do proceso; o que se pretende é poñer en cuestión unha abordaxe da problemática absolutamente unidimensional, que *de facto* non mellora a situación preexistente: a Lei procesual penal anterior á reforma xa prevía outras figuras aceleradoras que si incorporan un nada desprezable incentivo penal.

É máis, o réxime xurídico do instituto que agora interesa non prevé que da aceptación se colixa ningún beneficio cualitativamente distinto aos derivados da utilización doutras figuras que, naquela altura, xa contaban con anos de bagaxe.


Así as cousas, o incentivo perde certa capacidade de atracción de se considerar que, en efecto, o proceso por aceptación está chamado a coexistir co proceso para o axuízamento rápido de determinados delitos e, polo tanto, a que se sobrepoñan parcialmente os seus respectivos ámbitos (*Vid.* MESTRE DELGADO, 2015).

Ao respecto, véxase o fundamento de Dereito terceiro da sentenza número 21/2020, de 28 xaneiro, do Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección1ª): «A diferenza do que pode acontecer no Proceso por aceptación de decreto, o

procedemento para o axuízamento rápido de determinados delitos presenta unha referencia temporal específica. Ademais de que este proceso penal esixe que se incoe en virtude dun atestado policial e que a Policía Xudicial detivese unha persoa e a puxese ao dispor do xulgado de garda ou que, aínda sen detela, a citase para comparecer ante o xulgado de garda por ter a calidade de denunciado no atestado policial (art. 795 LECRIM), o procedemento establece que todas as dilixencias e resolucións que lle son propias, se practiquen e adopten durante o servizo de garda do xulgado de instrución ou, no seu caso, durante as setenta e dúas horas seguintes á finalización deste servizo».

E aínda que a mención á pena reducida ata nun terzo poida lembrar a redución do terzo do proceso para o axuízamento rápido (RODRÍGUEZ-PIÑERO BRAVO-FERRER, 2015), así como as conformidades do artigo 779.1.5.º da LACrim, o certo é que «(...) o fiscal pode reducir a pena ata un terzo, logo tamén menos, aínda que dificilmente cabe pensar nunha conformidade así aceptada fronte a unha pretensión penolóxica do ministerio fiscal que ao non alcanzar a redución do terzo non pode lograrse polos expedientes antes previstos. E é que bastará con que o encartado rexeite a proposta do ministerio fiscal para acto seguido recoñecer os feitos e reclamar a conversión prevista no art. 779.1.5.º LACrim, resultando difícil ante a devandita hipótese procesual que o público ministerio cambie agora de forma sobrevida a súa petición de condena, elevándoa respecto da anteriormente formalizada» (ORTEGA CALDERÓN, 2016).

Figura 8: Esquema do proceso para o axuízamento rápido de determinados delitos



Fonte: Ochoa Monchó, 2021, p. 499

Noutra orde de cousas, falabamos liñas atrás de aspectos vencellados coas orientacións de política criminal, e cómpre agora detérmonos, en particular, no relativo ao elemento reparador.

E é que, malia que as solicitudes de restitución e indemnización teñen que, no seu caso, formar parte do decreto, o proceso por aceptación non resulta factible en presenza dunha acusación diferente á pública (art. 803 bis a. 3º LACrim). Porque a acción civil é exercitada «(...) eventualmente, [polo]5 (...) ministerio fiscal xunto coa acción penal incluíndo a aceptación da correspondente prestación polo responsable na proposta contida no decreto, en substitución do prexudicado polo delito, por conta de quen o ministerio fiscal esixe a responsabilidade civil derivada do feito» (MARCHENA GÓMEZ e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, 2015, p. 83).

Non se trata dunha cuestión de orde menor e, precisamente, por isto que se indica, debera considerarse a necesaria intervención dun ofendido ou prexudicado que non debera ver desatendido o seu dereito a ser ouvido antes de que se dite unha sentenza que afecta á súa esfera de intereses. Sobre todo, se se ten presente que, por un lado, no decreto debe figurar, no seu caso, a petición de responsabilidade civil –artigo 803 bis c 6º–; e que, polo outro, no suposto de que non se acepte a petición indemnizadora, o decreto queda sen efecto –artigo 803 bis h 2–.

Se callar, tería sido interesante que a regulación non fose tan categórica con respecto á converxencia doutras acusacións. Fundamentalmente, porque a equiparación no tratamento entre a acusación particular e a popular admite franca discusión, máis aínda, se consideramos a profunda discusión doutrinal que, na actualidade, xera o actor popular na literatura especializada.

E é que, se ben se pensa, en realidade, a “víctima” non desenvolve ningún rol relevante durante este proceso. O expositivo segundo o preámbulo da Lei 41/2015 aduce tal ostracismo con base nunha clave de bóveda que serve, por certo, para xustificar case todo: o que se pretende é, simplemente, dispensar unha resposta punitiva áxil perante feitos delituosos de escasa gravidade.

Con todo, non podemos senón discrepar cordialmente de tal xustificación. En primeiro lugar, porque se o subliñado ostracismo, en efecto, se deseña para evitar demoras que frustren o obxectivo principal do proceso, ben podería o lexislador ter configurado un incidente de control como o establecido para a conformidade na proposta de CPP. Deste xeito, salvaríase sen dificultade calquera risco, toda vez que se poderían identificar as negativas non axustadas a criterios de estrita xustiza, para deste xeito posibilitar a prosecución do proceso mesmo coa sinalada negativa.

Ao longo do procedemento lexislativo, a necesidade de prever tal opción foi destacada, non só polos organismos de referencia dos diferentes operadores xurídicos, senón tamén por parte da doutrina. A vontade do lexislador resulta pois, inequívoca.

E, en segundo lugar, porque: «Acaso non está máis que acreditado que a exclusión da vítima pode xerar procesos de vitimización secundaria mesmo nos supostos

---

<sup>5</sup> O texto entre os corchetes é noso.



apuntados? Onde queda, pois, a grandilocuencia da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito? Insistimos: á vista de todo iso e dada a existencia de institutos que, atesourando potencialidades e ámbito semellantes, non esixen a ausencia do acusador particular, acaso non tería sido preferible destacar un criterio máis flexible ao respecto?» (ALONSO SALGADO, 2016).

Nun ánimo semellante, recalca BARONA VILAR que «Na regulación que se fai na LACRIM do proceso por aceptación de decreto do fiscal non se incorpora referencia ás vítimas. Porén, a multiplicidade de normas que reformaron o ordenamento xurídico español esixen unha interpretación integradora do ordenamento, isto é, a necesidade de sequera con carácter xeral inspirarse no que supón a aprobación do Estatuto da Vítima de delitos que recoñeceu un extenso dereito de participación activa á vítima no proceso penal, especialmente no art. 3.1 con carácter xeral. Isto debe supor que cando se vaia proceder a través do monitorio penal nalgún momento, a posibilidade de dar certa participación á vítima debería estar presente, canto menos na avaliación que efectúa o fiscal. E aquí atopámonos con dous datos que non poden perderse de vista: a) Por un lado, que é moi probable que nalgúns destes feitos delituosos non se coñeza a vítima ou esta sexa innominada, o que pode facer máis complexa a súa participación; e b) Que da regulación *stricto sensu* non se deriva o momento no que se faría partícipe á vítima, o que levaría a que o fiscal puidese, antes de emitir o seu decreto de imposición de pena, avaliar a opinión da vítima» (BARONA VILAR, 2021, p. 651).

O destacado ata o momento permitía entón e permite hoxe, albergar dúbidas máis que lóxicas verbo da eficacia do proceso. Non se trata só da limitadísima dimensión do seu ámbito obxectivo, ou de que este se poida sobrepor co ámbito dos denominados xuízos rápidos, senón que, ademais, a rixidez en relación á pluralidade de acusacións reduce máis aínda o seu campo de actuación.

Boa mostra disto que se sinala é que, por exemplo, nos delitos privados – que exclúen a participación da fiscalía– non será posible acudir ao proceso por aceptación. Neste sentido, debe repararse en que, tendo en conta da específica etapa do proceso no que se dita o decreto, «(...) será o ministerio fiscal mesmo o que delimite subxectivamente o proceso penal, con inclusión dos que considere responsables e exclusión daqueles outros respecto dos que non predique tal condición» (ORTEGA CALDERÓN, 2016).

Así mesmo, con respecto ao proceso por aceptación xurdido a raíz dunhas dilixencias do ministerio público, non pode desatenderse que, «(...) a experiencia demostra que os delitos que o fiscal investiga antes de seren xudicializados (prevaricacións administrativas, delitos fiscais...) adoitan estar castigados ben con penas superiores aos dous anos de prisión ou ben con pena de inhabilitación especial quedando fóra, por tanto, do obxecto deste proceso» (CONSELLO FISCAL, 2015).

Con toda probabilidade, son algunhas destas obxeccións que se indican as que motivaron a decisión do lexislador de establecer unha sorte de estímulo «perverso», para tratar de desincentivar os rexeitamentos e así evitar que o ámbito do proceso por aceptación quedara reducido á nada.

Ese «estímulo» disposto no xa mencionado artigo 803 bis j da LACrim, prevé que «Se o decreto de proposta de pena devén ineficaz por non ser autorizado polo xulgado de instrución, pola non comparecencia ou por falta de aceptación do

encausado, o ministerio fiscal non se atopará vinculado polo seu contido e proseguirá a causa pola canle que corresponda».

Na nosa opinión, a disposición admite unha lectura en clave «penalizadora» para o encausado que rexeite o decreto. É posible, por suposto, que este resulte ineficaz por non ser autorizado polo xulgado de instrución. Con todo, mentres neste caso non cabe tal interpretación, en tanto que o encausado non coñeceu aínda a proposta, nos demais supostos a sinalada lectura recobra forza: pode interpretarse como unha sorte de penalización por non aquietarse perante a proposta. E é preciso lembrar que neste suposto o peso específico da acusación pública é máis que notable, toda vez que non máis acusadores.

Con case total certeza, tras o rexeitamento, a fiscalía non procederá a efectuar modificación ningunha, agás –claro está–, que a investigación esixa un cambio da cualificación xurídica, etc. Tal e como se anticipaba, razóns de coherencia xurídica fan que se deba desbotar tal hipótese. No entanto, o precepto posibilita unha actuación que, no terreo do potencial, posibilita que se constrinxa indebidamente o ámbito de libre decisión do encausado.

Para o debate, en opinión de MORENO CATENA, «(...) este modo de proceder pode formular serios problemas, especialmente pola indubidable repercusión que tería o decreto nunha acusación e un xuízo posterior.

Dun lado, nese eventual segundo escrito acusatorio o fiscal debe vir vencellado polos feitos que se conteñen no decreto, porque non se pode concibir que se afaste do relato de feitos da súa resolución (...); é dicir, a acusación posterior debe cingirse aos feitos que lle atribuíu na súa inicial proposta que non prosperou; e non o fixo ben porque non foi aceptada (...) polo acusado, ou porque foi rexeitada polo xuíz ao non comprenderse dentro do ámbito deste procedemento monitorio.

Doutro lado, tendo en conta de que neste procedemento rexe sen fisuras o principio de legalidade, o ministerio fiscal terá tamén que aterse á tipificación delituosa que fixera no decreto, así como aos medios de proba que, segundo esta mesma resolución, existían para sustentar a responsabilidade do acusado, pero tamén á pena en concreto que propón no decreto; en efecto, aínda cando se dispoña no art. 803.bis.j que o fiscal non estará vencellado polo seu contido se devén ineficaz, o certo é que, salvo que se practiquen outras dilixencias, se se conta co mesmo material non sería explicable que a pena que se fixese nun posterior escrito de acusación diferise da formulada no decreto» (MORENO CATENA, 2021, p. 624).

E todo isto, nun proceso pouco receptivo ás parcialidades e nunha etapa do proceso na que perfectamente é posible que a persoa investigada aínda non fose chamada a declarar.

En canto á necesidade de que o investigado conte con toda a información en procesos semellantes ao que estamos a examinar, véxase a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sala Primeira), de 15 de outubro de 2015, ditada no Asunto C-216/14: «Se ben é certo que, debido ao carácter sumario e simplificado do procedemento en cuestión, a notificación dunha orde penal como a controvertida no litixio principal se produce despois de que o xuíz se pronunciase sobre a procedencia da acusación, en dita orde o xuíz se pronuncia unicamente con carácter provisional e a súa notificación é a primeira ocasión na que se informa da acusación á persoa acusada.

Por outro lado, isto queda corroborado polo feito de que esta persoa non está facultada para interpor un recurso contra dita orde perante outro xuíz, senón a formular unha oposición, que lle permite acceder, ante o mesmo xuíz, ao procedemento contradictorio ordinario, no marco do cal pode exercer plenamente o seu dereito de defensa antes de que dito xuíz se pronuncie novamente sobre a procedencia da acusación formulada na súa contra.

Por conseguinte, de acordo co artigo 6 da Directiva 2012/13, a notificación dunha orde penal debe considerarse unha forma de comunicación da acusación formulada contra a persoa afectada, de modo que debe cumprir os requisitos esixidos en dito artigo» (*Vid. anexo*).

Moi posiblemente, o desafortunado da disposición traia causa –en boa parte– na translación acrítica dende a proposta de CPP ata a LACrim, Lei 41/2015 mediante. A regulación prevista para o proceso por aceptación na proposta de Lei procesual penal (artigos 485 a 494), partía dunha estrutura procesual moi diferente á vixente na actualidade, unha estrutura na que, en efecto, o ministerio público tiña encomendada a dirección da fase de investigación.

Así pois, a actitude pouco reflexiva do lexislador acabou por xerar un desaxuste orixinado por mor da colisión de dous modelos distintos de investigación: por un lado, o proposto *de lege ferenda*, e polo outro, o actual. E na actualidade vixente, como é sabido, o ministerio público –agás en relación ás dilixencias de investigación propias e no proceso penal de menores–, non ten o dominio da investigación. Máis aínda: «(...) nin sequera ten fisicamente ao seu alcance as actuacións xudiciais que se custodian nos xulgados correspondentes (algúns situados a quilómetros de distancia das fiscalías), de modo que o coñecemento verbo do estado procesual dunhas dilixencias previas, incluído o coñecemento exacto dos feitos sobre os que versa non se produce ata que non se lle dá algún dos traslados previstos legalmente (...)» (CONSELLO FISCAL, 2015).

«Nos ordenamentos da nosa contorna que contan con procedemento monitorio penal, encomendan amplas funcións de investigación ao ministerio público. Velaí que a iniciación deste procedemento teña lugar unha vez concluída a investigación preliminar que aquel levara a cabo. É así o mesmo órgano que realizou a investigación, o que procede a cualificar os feitos e eleva ao xuíz competente a solicitude de orde penal» (CASTILLEJO MANZANARES, 2015).

Hai, por outra parte, algún outro elemento que nos suscite dúbidas. Nesta liña, o réxime xurídico que vimos de analizar nada salienta sobre a eventual existencia dunha pluralidade de persoas encausadas na que só unha delas acepta o decreto. En opinión de RUIZ DA COSTA FERNÁNDEZ, «Neste caso, o aquietamento á orde penal producido por algún dos imputados non poderá estenderse a quen formulase oposición, de maneira que, en canto a este, se incoará o procedemento correspondente, ou se continuará con el no caso de que o aquietamento á orde do resto dos imputados fose sobrevivo, sen que o contido da orde penal resulte vinculante en relación co proceso que se segue fronte a quen non se aquietou a ela» (RUIZ DA COSTA FERNÁNDEZ, 2011).


En conclusión, as críticas, dificultades e obxeccións que anteceden permiten concluír que algúns dos preceptos que configuran a regulación do proceso por aceptación resultan susceptibles de mellora, en concreto, no relativo ás súas potencialidades para os actores do sistema.

Alén do previamente subliñado con respecto ao encausado ou investigado, o ministerio público debe operar nun proceso que revela unha fricción entre o seu marco de competencias e a estrutura procesual vixente.

De igual modo, o órgano xurisdiccional –non sen certa dose de constrinximento–, non só ve notablemente limitada a súa capacidade de actuación, senón que tamén debe operar nunha construción procesual máis complexa e que esixe un maior esforzo na tramitación que a establecida no artigo 779.1.5º da LACrim. Ademais, «(...) vese obrigado a interpor numerosos actos intermedios no seu normal proceder e a realizar unha pluralidade de pronunciamentos, citacións e comparecencias, que en nada contribúen á súa economía procesual, material e persoal» (ORTEGA CALDERÓN, 2016).

Para finalizar, non cabe dúbida de que a actual situación do noso sistema de xustiza penal require que se aposte por institutos que posibiliten a aceleración dos tempos do proceso penal. Porén, isto non constitúe desafío ningún. O auténtico reto consiste en realizar a referida incorporación con base nunha avaliación entre, por unha lado, as garantías e a axilización e, pola outra, entre a propia celeridade e o saldo en positivo dende unha perspectiva de política criminal: incorporación de metodoloxía restaurativa, ampliación dos supostos de conformidade premiada, etc. (ALONSO SALGADO, 2016).

**Figura 9: Resumo do proceso por aceptación de decreto**



Fonte: Ochoa Monchó, 2021, p. 501

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

### 1. Actividade principal proposta

Para traballar co proceso por aceptación de decreto desenvolveremos unha dinámica *Moot court*-xogo de Vries.

Como é sabido, os *moot court* son competicións de estudantes de Dereito verbo de conflitos xurídicos que se representan a través de xuízos simulados. O enfrontamento ten lugar entre os grupos de discentes que actúan como se estivesen perante un órgano xurisdiccional.

Os *moot court* «Naceron fai máis dun século como unha actividade interna nas universidades dos países anglosaxóns (Inglaterra e EUA, especialmente), pero non tardaron en estenderse ao ámbito interuniversitario, nacional e internacional. Hoxe día existen competicións deste tipo por todo o mundo, con todo, en España é unha práctica case descoñecida. Existen dúcias destas competicións de alcance mundial, o número de competicións no ámbito local ou rexional é incalculable.

Poden abarcan case calquera materia xurídica, incluídos o Dereito internacional, constitucional, tributario, mercantil, os dereitos fundamentais, o medio ambiente... Aos equipos que participan nun *moot court* preséntaselles un caso ou suposto de feito que deben estudar a fondo e para iso provéselles de materiais de apoio que poden incluír leis, xurisprudencia ou, calquera clase de documento útil. Durante a competición, a cada equipo asígnaselle a representación dunha das partes en conflito e como tal parte deberá actuar (...) ante o “tribunal”» (NEIRA LÓPEZ, 2007, p. 268).

Este polo do binomio resulta moi interesante, toda vez que permite establecer unha sorte de *play role* xurídico que, ademais dunha innegable perspectiva lúdica, atesoura outras virtualidades en absoluto desprezables: representación de partes no proceso penal, defensa estratéxica de parte, etc.

Na presente proposta matízase esa idea de representación para incorporar as potencialidades doutra ferramenta de innovación docente: o denominado *Teams-Games-Tournament* (TGT) ou «Xogo-Concurso de Vries».

Coa técnica de Vries que aquí se propón, búscase, por riba de calquera outra circunstancia, estimular a aprendizaxe colaborativa entre o alumnado.

Deseñada inicialmente por Vries e Edward en 1973, esta metodoloxía docente fundaméntase na denominada cooperación-competitiva. Particularmente consiste na constitución de grupos de estudantes que deben cooperar entre si, isto é, actuar coma un equipo, para vencer a outros grupos da mesma clase. Noutras palabras, a técnica pretende que o alumnado aprenda a competir dun xeito saudable mediante o desenvolvemento dun traballo fundamentado na cooperación intra-grupal.

Na configuración dos grupos, o alumnado debe asegurarse de que a composición englobe diversos perfís de discentes, non só para facer viable a práctica –resolver problemas de timidez, excesos de protagonismo, etc.–, senón para lograr un efectivo enriquecemento entre os diversos integrantes do equipo.

Cada grupo estudará todo o conxunto do traballo –para desenvolver o rol *Moot Court* asignado–, pero unicamente defenderá un único papel durante a exposición-

*performance* perante a clase. Da actuación do voceiro ou voceira dependerá a actuación do grupo no seu conxunto e, polo tanto, a cualificación, será idéntica para todos os seus membros. Todas e todos deben cooperar, xa que logo, non só para entenderen e prepararen o traballo, senón tamén para que todos os integrantes do grupo o entendan e o preparen. E isto porque sobre cada discente pende unha sorte de espada de Damocles: cabe a posibilidade de que lle toque representar o seu grupo, con todo o que todo iso comporta. Que o grupo non coñeza quen será o seu voceiro ou voceira, servirá para manter a tensión e, polo tanto, o estímulo para que todas e todos se impliquen no proceso de aprendizaxe dende unha perspectiva colaborativa.

Asemade, para non desincentivar o traballo do alumnado máis activo, establécese un sistema para lograr unha puntuación extra. Tal e como se explicará na epígrafe relativa á avaliación, significa isto que se ben a nota de cada estudante virá determinada fundamentalmente pola acadada polo seu grupo, o certo é que poderá ser mellorada, a través da manifestación dun esforzo significativo na preparación da materia (*vid.* puntualización máis abaixo).

Finalmente, en canto ao seguimento da actividade:

1º. Os grupos deben facer seguimento da actividade consultando as actualizacións da páxina deseñada no Campus virtual coa regularidade propia que esixe a inercia universitaria.

Para facilitar o seguimento, informarase das devanditas actualizacións a través da sección «Anuncios» de *Moodle*, para que chegue a notificación vía mail ao correo electrónico.

2º. Tras a súa conformación, cada equipo deberá nomear un ou unha representante que, á maior brevidade, deberá comunicar á docente os seguintes datos:

- Nomes e apelidos de todas as persoas que integran o grupo.
- Nome do grupo.

3º. Periodicamente a docente contactará con cada representante, para interesarse polo desenvolvemento da actividade do grupo, poñer por riba da mesa debates, solucionar dúbidas, etc.

4º. Tamén de maneira periódica e, en función das necesidades que se detecten, desenvolveranse vía *teams* entrevistas individuais e grupais para a análise da evolución do traballo.

## 2. Actividades complementarias

Ademais da actividade principal, propóñense outras con carácter complementario no ánimo de facilitar a comprensión da materia.

Neste senso, enténdese de interese, en primeiro lugar, a realización dunha recensión de algún artigo ou capítulo de libro no que se analicen as cuestións fundamentais do proceso por aceptación de decreto. Como é doado colixir, non se trata de efectuar escolma ningunha, senón de examinar criticamente un texto relativo á materia que agora interesa.

Nesta mesma liña, propónse, en segundo lugar, a análise tamén crítica dalgún pronunciamento xudicial de interese en relación a este proceso. Priorizaranse, por motivos evidentes, os pronunciamentos do Tribunal Supremo.

En terceiro lugar, resulta de igual xeito interesante, a posibilidade de efectuar un estudo de Dereito comparado que relacione sistematicamente as diversas variantes do proceso monitorio dos principais sistemas xudiciais da nosa contorna.

Por último, tráese a colación a opción de desenvolver un debate orientado co gallo de favorecer as habilidades de argumentación do alumnado ao redor de aspectos básicos do contido desta unidade didáctica.

## AVALIACIÓN

---

Os grupos deberán traballar durante tres xornadas interactivas na tarefa encomendada para a entrega do traballo na data destacada a tal efecto.

O derradeiro día de interactivas terán lugar as exposicións-performances dos traballos en réxime de competición.

É por isto que os grupos, en paralelo ao traballo escrito, deberán non só ir adestrando a exposición –que poderá atinxir calquera aspecto tratado en relación ao caso–, senón que tamén deberán ir preparándose ante as eventuais preguntas dos outros grupos, argallando preguntas de dificultade para atacar a posición dos equipos rivais, etc.

As actitudes que revelen a existencia dun pacto de non agresión, serán penalizadas con severidade.

Os grupos serán avaliados polo traballo que presenten (60 %) e pola exposición-*performance* que do mesmo efectúen (40 %).

Isto non obstante, o equipo vencedor da exposición en réxime de competición obterá a nota máxima de maneira automática. Xa que logo, con independencia do traballo escrito, obterá a totalidade dos puntos que na guía docente se reserva para ese concreto período de aulas de natureza interactiva.

Para a escollo do equipo vencedor terase en conta: exposición-*performance* do propio traballo (50 %); capacidade de resposta/retagarda (25 %); capacidade de pregunta/vanguardia (25 %).

A avaliación será fundamentalmente grupal. Así é que, tal e como se anticipaba, a cualificación será idéntica para todos os seus membros.

No entanto, establécese un sistema de incentivos individuais a través do que o alumnado poderá mellorar a súa cualificación individual, sobre a base, evidentemente, da grupal.

Quere isto dicir que é posible, tomando como base a nota do grupo, obter unha puntuación extra, para premiar e reforzar positivamente os esforzos a maiores do común esixido.

En definitiva, a excepción do grupo gañador que obterá en todo caso a máxima nota con independencia do traballo escrito e da participación individual de cada un dos seus integrantes, a nota de cada estudante virá determinada pola acadada

polo seu grupo, acrecentada de maneira testemuñal –no seu caso–, a través dunha manifestación significativa de esforzo.

Así pois, a participación individual servirá:

- Para axudar a/o representante grupal na defensa da posición colectiva.
- Para debilitar a posición do representante dun grupo rival e así mellorar as opcións de vitoria do equipo propio.
- E para lograr unha puntuación extra que se asignará a quen interveña de maneira individual.

### **CONCEPTOS XURÍDICOS BÁSICOS**

---

- Auto.
- Proceso penal.
- Xulgado de instrución.
- Asistencia letrada.
- Ministerio fiscal.
- Proceso por aceptación de decreto.
- Encausado
- Investigado.
- Lei de axuizamento criminal.
- Comparecencia.
- Conformidade.

### **PREGUNTAS DE AUTOAVALIACIÓN**

---

- Que é o proceso por aceptación de decreto?
- En que consiste?
- Cal é o ámbito deste proceso?
- Que requisitos son esixidos?
- Quen dita o decreto?
- Cal debe ser o contido do decreto?
- Quen dita o auto?
- É preceptiva a asistencia letrada?
- Que lei incorporou o proceso por aceptación de decreto á Lei de axuizamento criminal?
- Que busca o lexislador a través deste proceso?
- Cal é o seu obxecto?
- Que acontece se o encausado acude á comparecencia sen letrado?
- Cal é o papel que desenvolven neste proceso polos diferentes actores do sistema de xustiza penal?
- Quen debe autorizar o decreto de proposta de imposición?
- Cabe pluralidade de acusacións?



- Cales son as posibles actuacións do suxeito pasivo do proceso perante a comparecencia?
- En que se concreta a interacción entre o proceso de aceptación de decreto e o proceso para o axuízamento rápido de determinados delitos?
- Cales con os supostos de ineficacia do decreto de proposta de pena?

## ANEXOS

---

### 1. Anexo legislativo: Título III bis “Proceso por aceptación de decreto” do Libro IV “Dos procedementos especiais” da LACrim

«Artigo 803 bis a. Requisitos do proceso por aceptación de decreto

En calquera momento despois de iniciadas dilixencias de investigación pola fiscalía ou de incoado un procedemento xudicial e ata a finalización da fase de instrución, aínda que non fose chamado a declarar o investigado, poderá seguirse o proceso por aceptación de decreto cando se cumpran acumulativamente os seguintes requisitos:

1.º Que o delito estea castigado con pena de multa ou de traballos en beneficio da comunidade ou con pena de prisión que non exceda dun ano e que poida ser suspendida de conformidade co disposto no artigo 80 do Código Penal, con ou sen privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores.

2.º Que o ministerio fiscal entenda que a pena en concreto aplicable é a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, no seu caso, a pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores.

3.º Que non estea presente acusación popular ou particular na causa.

Artigo 803 bis b. Obxecto

1. O proceso por aceptación de decreto ditado polo ministerio fiscal ten por obxecto unha acción penal exercitada para a imposición dunha pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade e, no seu caso, de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores.

2. Ademais pode ter por obxecto a acción civil dirixida á obtención da restitución da cousa e a indemnización do prexuízo.

Artigo 803 bis c. Contido do decreto de proposta de imposición de pena

O decreto de proposta de imposición de pena emitido polo ministerio fiscal terá o seguinte contido:

1.º Identificación do investigado.

2.º Descrición do feito punible.

3.º Indicación do delito cometido e mención sucinta da proba existente.

4.º Breve exposición dos motivos polos que entende, no seu caso, que a pena de prisión debe ser substituída.

5.º Penas propostas. Para os efectos deste procedemento, o ministerio fiscal poderá propor a pena de multa ou traballos en beneficio da comunidade, e, no seu caso, a de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores, reducida

ata nun terzo respecto da legalmente prevista, aínda cando supoña a imposición dunha pena inferior ao límite mínimo previsto no Código Penal.

6.º Peticións de restitución e indemnización, no seu caso.

Artigo 803 bis d. Remisión ao xulgado de instrución

O decreto de proposta de imposición de pena ditado polo ministerio fiscal remitirase ao xulgado de instrución para a súa autorización e notificación ao investigado.

Artigo 803 bis e. Auto de autorización

1. O xulgado de instrución autorizará o decreto de proposta de imposición de pena cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 803 bis a.

2. Se o xulgado de instrución non autoriza o decreto, este quedará sen efecto.

Artigo 803 bis f. Notificación do auto e citación de comparecencia

1. Ditado auto de autorización do decreto polo xulgado de instrución, notificarao xunto co decreto ao encausado, a quen citará para que compareza ante o tribunal na data e no día que se sinala.

2. Na notificación do decreto informarase ao encausado da finalidade da comparecencia, da preceptiva asistencia de letrado para a súa celebración e dos efectos da súa non comparecencia ou, caso de comparecer, do seu dereito a aceptar ou rexeitar a proposta contida no decreto. Tamén se lle informará de que, en caso de non atoparse defendido por letrado na causa, debe asesorarse cun avogado de confianza ou solicitar un avogado de oficio antes do termo previsto no artigo seguinte.

Artigo 803 bis g. Solicitud de asistencia letrada

Se o encausado carece de asistencia letrada designaráselle avogado de oficio para o seu asesoramento e asistencia.

Para que a comparecencia se poida celebrar, a solicitud de designación de avogado de oficio debe realizarse no termo de cinco días hábiles antes da data para a que estea sinalada.

Artigo 803 bis h. Comparecencia

1. Para a aceptación da proposta de sanción o encausado haberá de comparecer no xulgado de instrución asistido de letrado.

2. Se o encausado non comparece ou rexeita a proposta do ministerio fiscal, total ou parcialmente no relativo ás penas ou á restitución ou indemnización, quedará a mesma sen efecto. Se o encausado comparece sen letrado, o xuíz suspenderá a comparecencia de acordo co disposto no artigo 746 e sinalará nova data para a súa celebración.

3. Na comparecencia o xuíz, en presenza do letrado, asegurase de que o encausado comprende o significado do decreto de proposta de imposición de pena e os efectos da súa aceptación.

4. A comparecencia será rexistrada integramente por medios audiovisuais, documentándose conforme ás regras xerais en caso de imposibilidade material.

Artigo 803 bis i. Conversión do decreto en sentenza condenatoria

Se o encausado acepta na comparecencia a proposta de pena en todos os seus termos o xulgado de instrución atribuiralle o carácter de resolución xudicial firme, que no prazo de tres días documentará na forma e con todos os efectos de sentenza condenatoria, a cal non será susceptible de recurso ningún.

Artigo 803 bis j. Ineficacia do decreto de proposta de pena

Se o decreto de proposta de pena devén ineficaz por non ser autorizado polo xulgado de instrución, pola non comparecencia ou por falta de aceptación do encausado, o ministerio fiscal non se atopará vinculado polo seu contido e proseguirá a causa pola canle que corresponda».

## **2. Anexo: Circular 3/2018, de 1 xuño, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre o dereito de información dos investigados nos procesos penais**

«O proceso por aceptación de decreto, introducido no noso ordenamento pola Lei 41/2015, de 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais (en diante, Lei 41/2015) e a súa articulación pode expor algunha dúbida sobre a forma de cumprimento do disposto no art. 118 LACrim.

Neste proceso, o fiscal pode remitir ao xulgado de instrución un decreto de imposición de pena, para a súa autorización e notificación ao investigado, traslado que pode efectuarse “en calquera momento despois de iniciadas dilixencias de investigación pola fiscalía ou de incoado un procedemento xudicial e ata a finalización da fase de instrución, aínda que non fose chamado a declarar o investigado”, sempre que se cumpran determinados requisitos (art. 803 bis.a LACrim). É posible polo tanto, neste procedemento, que o investigado non teña coñecemento das actuacións ata que reciba a notificación do auto do xulgado de instrución autorizando o decreto do fiscal.

Nestes casos, tendo en conta as especialidades deste particular procedemento, e que a proposta de imposición de pena contida no decreto do fiscal e autorizada polo xuíz de instrución debe ser aceptada (expresamente) polo propio encausado, nunha comparecencia que se debe celebrar asistido de letrado, e que no caso de que non compareza ou a rexeite queda sen efecto, enténdese que o dereito de información do investigado quedaría satisfeito sempre que con anterioridade á celebración da comparecencia prevista no art. 803 bis h) LACrim se permita o acceso ás actuacións.

Neste punto resulta de interese a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sala Primeira) de 15 de outubro de 2015, ditada no Asunto C-216/14. Nesta sentenza, expúñase por un órgano xurisdiccional alemán unha petición de decisión prexudicial sobre dúas cuestións, unha delas a interpretación dos arts. 2, 3, apartado 1, letra c) e 6, apartados 1 e 3 da Directiva 2012/13/UE. A cuestión formulábase no marco dun procedemento abreviado regulado na lei procesual alemá, previsto para infraccións menores, que non contempla a celebración dunha vista nin dun debate contradictorio, e no que se dita unha orde penal, ditada por un xuíz a petición do ministerio fiscal, de carácter provisional. Segundo a lei procesual alemá, esta orde penal adquire firmeza á expiración do prazo de dúas semanas a contar dende a notificación da dita orde. A oposición á devandita orde debe efectuarse no citado prazo, por escrito ou mediante comparecencia ante a secretaría do tribunal e nese caso prodúcese o debate contradictorio. A petición de cuestión prexudicial centrábase na compatibilidade do procedemento de notificación da orde penal coa Directiva

2012/13/UE, en particular co seu art. 6, que impón aos estados membros a obriga de garantir que, como moi tarde no momento no que o contido da acusación se presente a un tribunal, se facilite información detallada sobre a acusación.

Aínda que a cuestión concreta que expuña o órgano xurisdiccional alemán era a compatibilidade da notificación da dita orde penal a través dos representantes legais da persoa (o apoderado a efectos de notificacións designado polo acusado sen domicilio fixo ou residencia en Alemaña) co art. 6 da Directiva europea, o TXUE se pronuncia tamén na súa argumentación sobre o devandito procedemento e o dereito de información do acusado cos seguintes razoamentos: “Se ben é certo que, debido ao carácter sumario e simplificado do procedemento en cuestión, a notificación dunha orde penal como a controvertida no litixio principal se produce despois de que o xuíz se pronunciase sobre a procedencia da acusación, en dita orde o xuíz se pronuncia unicamente con carácter provisional e a súa notificación é a primeira ocasión na que se informa da acusación á persoa acusada. Por outro lado, isto queda corroborado polo feito de que esta persoa non está facultada para interpor un recurso contra dita orde perante outro xuíz, senón a formular unha oposición, que lle permite acceder, ante o mesmo xuíz, ao procedemento contradictorio ordinario, no marco do cal pode exercer plenamente o seu dereito de defensa antes de que o devandito xuíz se pronuncie novamente sobre a procedencia da acusación formulada na súa contra. Por conseguinte, de acordo co artigo 6 da Directiva 2012/13, a notificación dunha orde penal debe considerarse unha forma de comunicación da acusación formulada contra a persoa afectada, de modo que debe cumprir os requisitos esixidos en dito artigo”.

Por iso, seguindo esta interpretación do TXUE, no proceso por aceptación de decreto, os Sres. fiscais velarán para que, con carácter previo á celebración da comparecencia do art. 803 bis h) LACrim o encausado puidese exercer o seu dereito a examinar as actuacións coa debida antelación para salvagardar o dereito de defensa (art. 118 LECrim)» (Expositivo noveno).

### **3. Anexo xurisprudencial: fundamentos de dereito da sentenza número 61/2016, de 26 xaneiro, da Audiencia Provincial de Madrid (sección 23ª)<sup>6</sup>**

#### «FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Pola representación legal de apelante D. Agapito fundaméntase o seu escrito de recurso, en síntese, nos seguintes motivos: 1) Infracción de precepto legal por inaplicación do principio de oportunidade introdución na reforma do Código Penal operada pola L.O. 1/2015 de 30 de marzo, ante a escasa gravidade dos feitos axuizados e a inexistencia de interese público na persecución do feito. 2) Infracción

<sup>6</sup> Os fundamentos traducíronse fielmente da sentenza que figura no CENDOJ (Centro de Documentación Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial): Roj: SAP M 523/2016 - ECLI:ES:APM:2016:523; Id Cendoj: 28079370232016100050. A tradución fiel permite advertir numerosas incidencias de carácter formal que non foron alteradas pola autora da presente unidade. Quérese dicir que, agás os erros que poden afectar ao fondo, as restantes incidencias non foron solucionadas coa tradución.

do principio de proporcionalidade e do principio de intervención mínima do Estado no Dereito Penal. 3) Indevida aplicación da Disposición Transitoria Cuarta no seu parágrafo 2º da lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo.

Segundo. En relación ao primeiro motivo do recurso, no que se alega a infracción do principio de oportunidade, debe poñerse de manifesto que a L.O. 1/2015 de 30 de marzo, aínda que suprime o antigo Libro III do Código Penal, iso non significa que quede destipificada a conduta subsumida no derogado artigo 623.1 do Código Penal, pois a mesma aparece agora como incardinada no artigo 234.2 do Código Penal baixo a nova categoría de “delitos leves”, sendo así que o principio de oportunidade entendido como “todo tratamento diferenciado do conflito social representado polo feito delituoso, isto é, tanto as técnicas despenalizadoras canto as especificamente procesuais” (ARMENTA DEU), que constitúe a pedra angular do sistema anglosaxón e que de modo semellante á “diversion” inglesa e o “classement conditionnel da poursuite” francés (PEÑARANDA LOPEZ) se reflectiu, a nivel procesual, en parte, no instituto da “conformidade”, e agora, no novo “proceso por aceptación de decreto” introducido pola L.O 41/2015, de 5 “de outubro, de modificación da lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais” non pode levar a que no ámbito penal o xulgador ocupe o lugar do lexislador e vulnere o principio de legalidade garantido polo artigo 9.3 e que vincula a todos os Xuíces e Tribunais por imperativo do artigo 5º.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, de xeito que faga abstracción do devandito principio, incorrendo en arbitrariedade, proscriba polo noso ordenamento xurídico, non sendo factible excluír, sobre unha base ideolóxica e/ou xurídica, por vía esexética ou por apelacións xenéricas ou ambiguas á “ausencia de interese público” as actuacións castigadas polo lexislador; por iso é polo que as alegacións que se realizan no escrito do recurso sobre o principio mencionado así como sobre o principio de “intervención mínima” e ao “carácter fragmentario” do Dereito Penal, no segundo motivo do recurso, deben ter como destinatario non ao Xuíz ou aplicador do Dereito, senón ao lexislador; razón pola cal o devandito motivo non pode prosperar.

Terceiro. Igual sorte debe seguir o segundo dos motivos do recurso no que se alude ao principio de intervención mínima que, como antes se dixo, ten como destinatario ao lexislador e ao principio de proporcionalidade que actúa como límite á incriminación de condutas por parte do lexislador, o cal se subdivide en tres subprincipios: a) o de idoneidade alude á eficacia da intervención penal para protexer o ben xurídico, incluíndo nel tanto contidos de eficacia como de efectividade e aínda de eficiencia, b) o de necesidade identifícao coas ideas de ultima ratio ou subsidiariedade, e, polo tanto, en grande medida con razóns de eficiencia e c) o de proporcionalidade en sentido estrito, achega compoñentes de xustiza a agrupar baixo a pauta do carácter fragmentario do dereito penal (ARROYO ZAPATERO). En relación ás penas, o devandito principio ten que atender dous planos: abstracto e concreto “Polo primeiro a entidade da pena prevista debe corresponder á importancia do tutelado e ao ámbito de responsabilidade establecido. Polo segundo a pena debe configurarse de tal maneira que permita ser acomodada ás variacións que a afección ao obxecto de protección e a estruturación da responsabilidade poidan experimentar no caso concreto” (DÍEZ RIPOLLÉS).

Sentado o anterior e tendo en conta a pena asignada para dita falta contra o patrimonio (multa de 1 a 2 meses), na que o lexislador fai abstracción da contía dos subtraído –sempre que non pase o límite cuantitativo dos 400 euros– a pena de multa de trinta días, coa cota diaria de cinco euros imposta na sentenza recorrida, contía que se sitúa na “zona baixa” da previsión lexislativa, resulta conforme e adecuada a dereito, non requirindo por tal motivo e segundo a xurisprudencia de expreso fundamento (SSTS 20-11-2000 e 7-11-2002).

Cuarto. Finalmente, a idéntico resultado desestimatorio debe chegarse respecto ao terceiro e último motivo do recurso. En efecto, a Disposición Transitoria Cuarta da L.O. 1/2015, de 30 de marzo, dispón que “A tramitación dos procesos por falta iniciados antes da entrada en vigor desta lei por feitos que resultan por ela despenalizados ou sometidos ao réxime de denuncia previa, e que leven aparelhada unha posible responsabilidade civil, continuarán ata a súa normal terminación, salvo que o lexitimado para iso manifestar expresamente non querer exercitar as accións civís que lle asistan, nese caso procederá ao arquivo do actuado, co visto do Ministerio Fiscal”, o recorrente esquece que, tal e como se indicou no fundamento xurídico da presente resolución, a conduta anteriormente tipificada como falta no artigo 623.1 do Código Penal, non foi suprimida, senón que, así a todo, transmútouse no “delito leve” actualmente previsto e penado no artigo 234.2 do Código Penal, tras a reforma operada pola L.O. 1/ 2015 de 30 de marzo, polo que a anterior regulación (falta versus delito leve), é máis favorable para o acusado, que a vixente, non estando sometida, por outra banda, a persecución de dita falta, nin tampouco do actual “delito leve” á previa denuncia do prexudicado; razón pola cal resulta correcta a aplicación da anterior regulación efectuada na sentenza pola xulgadora “a quo”, debendo confirmarse en todos os seus termos a sentenza impugnada, coa consecuente desestimación do recurso de Apelación interposto contra a mesma.

Quinto. Non se aprecian razóns para impor, por temeridade ou mala fe, as costas desta alzada, que deben declararse de oficio, de conformidade co disposto no artigo 240 da lei de Xuizamento Criminal.

Por canto antecede RESOLVO

Que DESESTIMO o recurso de APELACION interposto pola Procuradora D<sup>a</sup>. Patricia Martín López, en nome e representación de D. Fermín contra a Sentenza de data 12 de novembro de 2015, ditada polo Xulgado de Instrución nº: 7 de Madrid, no Xuízo de Faltas nº: 857/2015, a cal CONFIRMO na súa integridade.

Declaro de oficio as costas da apelación.

A presente sentenza é firme.

Devólvanse as dilixencias orixinais ao Xulgado de procedencia con certificación da presente resolución, para a súa execución e cumprimento, solicitando acuse de recibo e previa a súa notificación ás partes, con arranxo ás prevencións contidas no artigo 248.4 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Notifíquese a presente resolución ao Ministerio Fiscal e ás demais partes procesuais, con indicación da súa firmeza.

Así por esta sentenza, pronúncioo, mando e asino.

PUBLICACION. Lida e publicada foi a anterior resolución a. Dou fe».

## BIBLIOGRAFÍA

---

Esta epígrafe divídese en catro seccións: unha primeira relativa á bibliografía empregada para a elaboración da presente unidade; unha segunda referente a aquela bibliografía básica recomendada para o alumnado (estudo, preparación das actividades encomendadas, etc.); unha terceira de carácter complementario, cuxa consulta polo alumnado é vivamente recomendada; e a última, na que se subliñan algúns recursos na rede de interese para a materia que nos ocupa.

Preténdese deste xeito, diferenciar os diversos recursos que son obxecto de recomendación, en función da súa utilización: a bibliografía básica debe facilitar o estudo da estrutura fundamental do proceso por aceptación; a complementaria, favorecer unha aproximación diversificada ao sinalado proceso; etc.

### 1. Bibliografía da unidade

AGUILERA MORALES, Marien (2015): «La agilización de la justicia penal en el proyecto de reforma de la Ley de Enjuiciamiento Criminal (O «de cuando el oro parece...») (1)», *Diario La Ley*, número 8551, La Ley 3586/2015.

ALONSO SALGADO, Cristina (2016): «Reflexiones en torno al proceso por aceptación de decreto», *Revista General de Derecho Procesal*, número 40.

ARMENTA DEU, Teresa (2019): *Lecciones de Derecho procesal penal*, Marcial Pons: Madrid.

ASENCIO MELLADO, José María (2016): *El proceso por aceptación de decreto*, Valencia: Tirant lo Blanch.

ASENCIO MELLADO, José María (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.

BARONA VILAR, Silvia (2021): «Especialidades procedimentales»; en Juan-Luis GÓMEZ COLOMER e Silvia BARONA VILAR: *Proceso Penal. Derecho Procesal III*, Valencia: Tirant lo Blanch.

BLANCO, Ana Isabel e MONTESINOS, Ana (2016): «Proceso por aceptación de decreto: el nuevo monitorio penal», *Revista Boliviana de Derecho*, número 22.

CASTILLEJO MANZANARES, Raquel (2015): «Últimas reformas procesales. El proceso por aceptación de decreto», *Diario La Ley*, número 8544, La Ley 3405/2015.

CONSEJO FISCAL (2015): «Informe del Consejo Fiscal al Anteproyecto de Ley Orgánica de modificación de la Ley de Enjuiciamiento Criminal para la agilización de la Justicia penal, el fortalecimiento de las garantías procesales y la regulación de las medidas de investigación tecnológicas», en <http://pdfs.wke.es/2/2/7/8/pd0000102278.pdf>.

GARCÍA SAN MARTÍN, Jerónimo (2015): «Consideraciones en torno al Anteproyecto de Ley Orgánica de modificación de la Ley de Enjuiciamiento Criminal para la agilización de la justicia penal, el fortalecimiento de las garantías procesales y la regulación de las medidas de investigación tecnológicas (1)», *Diario La Ley*, número 8468, La Ley 374/2015.

- GIMENO SENDRA, Vicente (2015): *Derecho Procesal Penal (Incluye las novedades de la LO 13/2015 y Ley 41/2015, ambas de 5 de octubre, por las que se modifica la Ley de Enjuiciamiento Criminal)*, Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi.
- GÓMEZ COLOMER, Juan-Luis e BARONA VILAR, Silvia (2021): *Proceso Penal. Derecho Procesal III*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- LÓPEZ SIMÓ, Francisco e CAMPANER MUÑOZ, Jaime (2017): *El proceso por aceptación de decreto o monitorio penal*, Reus: Madrid.
- MAGRO SERVET, Vicente (2015): «El nuevo proceso de aceptación por decreto en la reforma de la LECrim», *Diario La Ley*, número 8584, La Ley 4651/2015.
- MARCHENA GÓMEZ, Manuel e GONZÁLEZ-CUÉLLAR SERRANO, Nicolás (2015): *La reforma de la Ley de Enjuiciamiento Criminal en 2015*, Madrid: Castillo de Luna-Ediciones Jurídicas.
- MESTRE DELGADO, Esteban (2015): «El nuevo proceso penal por aceptación de decreto: fulgor y muerte de un instituto inadaptado», *Revista La Ley Penal*, La Ley 7520/2015.
- MORENO CATENA, Víctor (2021): «El procedimiento por aceptación de decreto del Fiscal»; en MORENO CATENA, Víctor e CORTÉS DOMÍNGUEZ, Valentín: *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- MORENO CATENA, Víctor e CORTÉS DOMÍNGUEZ, Valentín (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- NEIRA LÓPEZ, Alberto (2007): «Los moot court», *Revista jurídica de la Universidad Autónoma de Madrid*, número 15.
- OCHOA MONCHÓ, Virtudes (2021): “Los procesos ordinarios”; en José María Asencio Mellado: *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- ORTEGA CALDERÓN, Juan Luis (2016): «El pretendido proceso monitorio penal: una oportunidad perdida», *Diario La Ley*, número 8684, La Ley 4/2016.
- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, Agustín-Jesús (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- RUIZ DE LA CUESTA FERNÁNDEZ, Soledad (2011): «El procedimiento monitorio penal y su eventual adopción en el ordenamiento jurídico español», *La Ley*, LA LEY 15987/2011.
- SÁNCHEZ MELGAREJO, Francisco Ramón (2016): «El proceso por aceptación de decreto: ¿una verdadera vía para la conformidad penal? (I)», en CONSEJO GENERAL DE LA ABOGACÍA ESPAÑOLA, <http://www.abogacia.es/2016/02/24/el-proceso-por-aceptacion-de-decreto-una-verdadera-via-para-la-conformidad-penal-i/>.
- SÁNCHEZ MELGAREJO, Francisco Ramón (2016): «El proceso por aceptación de decreto: ¿una verdadera vía para la conformidad penal? (II)», en CONSEJO GENERAL DE LA ABOGACÍA ESPAÑOLA, <http://www.abogacia.es/2016/03/16/el-proceso-por-aceptacion-de-decreto-una-verdadera-via-para-la-conformidad-penal-y-ii/>.



## 2. Bibliografía básica recomendada para o alumnado

- ARMENTA DEU, Teresa (2019): *Lecciones de Derecho procesal penal*, Marcial Pons: Madrid.
- ASENCIO MELLADO, José María (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- GIMENO SENDRA, Vicente (2015): *Derecho Procesal Penal*, Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters.
- GÓMEZ COLOMER, Juan-Luis e BARONA VILAR, Silvia (2021): *Proceso Penal. Derecho Procesal III*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- MORENO CATENA, Víctor e CORTÉS DOMÍNGUEZ, Valentín (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, Agustín-Jesús (2021): *Derecho Procesal Penal*, Valencia: Tirant lo Blanch.

## 3. Bibliografía complementaria recomendada para o alumnado

- ASENCIO MELLADO, José María (2016): *El proceso por aceptación de decreto*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- LÓPEZ SIMÓ, Francisco e CAMPANER MUÑOZ, Jaime (2017): *El proceso por aceptación de decreto o monitorio penal*, Reus: Madrid.

## 4. Recursos na rede

- Consello da Avogacía Galega:  
<https://avogacia.gal/>
- Consello Xeral do Poder Xudicial:  
[https://www.poderjudicial.es/portal/site/cgpj/?vgnnextlocale=gl&lang\\_choosen=gl](https://www.poderjudicial.es/portal/site/cgpj/?vgnnextlocale=gl&lang_choosen=gl)
- Consello Xeral da Avogacía Española  
<https://www.abogacia.es/>
- Boletín Oficial do Estado:  
<https://www.boe.es/index.php?lang=gl>
- Centro de documentación xudicial (CENDOJ) do Consello Xeral do Poder Xudicial:  
<https://www.poderjudicial.es/search/indexAN.jsp>
- Ministerio fiscal:  
<https://www.fiscal.es/>
- Ministerio de xustiza:  
<https://www.mjusticia.gob.es/gl>
- Senado:  
[https://www.senado.es/web/index.html?lang=gl\\_ES](https://www.senado.es/web/index.html?lang=gl_ES)
- Congreso dos Deputados:  
<https://www.congreso.es/gl/home>

- Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea:  
[https://european-union.europa.eu/institutions-law-budget/institutions-and-bodies/institutions-and-bodies-profiles/court-justice-european-union-cjeu\\_es](https://european-union.europa.eu/institutions-law-budget/institutions-and-bodies/institutions-and-bodies-profiles/court-justice-european-union-cjeu_es)
- Tribunal Constitucional:  
<https://www.tribunalconstitucional.es/es/Paginas/default.aspx>
- Centro de Estudos Xurídicos:  
<https://www.cej-mjusticia.es/>



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA